



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento de 4 peóns obra para o Programa de Integración Laboral (PEL 2021)

Visto que por Resolución de Alcaldía se aprobou, o proceso selectivo de persoal para a 4 postos na cuadrilla de obras do Programa de Integración Laboral (PEL concellos 2021).

Visto que foi presentada unha oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Carballo para a contratación de 4 postos de peóns de obra pública con data do 27/04/2021, para a que foron remitidos ao servizo de emprego e desenvolvemento local do Concello de Cabana de Bergantiños un total de 20 Curriculumus Vitae (CV) no formulario da selección 1 da oferta 12-2021-2765 con número de RE 580.

Realizada a comunicación vía telefónica da recepción dos CV aos candidatos propostos polo SPEG, e visto a non dispoñibilidade da maioría dos candidatos desempregados, foi necesario presentar dous formularios de selección máis da mesma oferta, para o cal o SEPG reenviou novos CV, tal e como reflexa o expediente de selección.

Visto que o dende o departamento de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello, se contactou cos candidatos desempregados e os desempregados interesados no proceso de selección presentaron en tempo e forma as instancias, segundo o previsto na base 5 das bases aprobadas que rexen o proceso selectivo.

Visto o decreto que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar da realización da proba práctica, e vistas as actas nº 1 e nº 2 do tribunal de selección da cuadrilla de obras do día 20/05/2021 que inclúen a valoración da fase de concurso e a de oposición, así como a valoración total dos aspirantes e a proposta de adjudicación das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro: nomear como PEÓNS DE OBRA para a cuadrilla de obras do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña (PEL2021) aos seguintes aspirantes:

- Andrade Souto José
- Fuentes Fuentes José
- Romero García Antonio.
- Outeiro Andrade Perfecto

Segundo: outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que os adjudicatarios presenten a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato laboral.

Terceiro: publicar este acordo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, de conformidade co previsto nas bases de selección.

Cuarto: dar conta da presente resolución ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se celebre e dar traslado á intervención e a tesoureiría municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)